

Le con atención o texto e responde as preguntas:

Ítaca

Se fores iniciar a viaxe cara a Ítaca,
roga que o teu camiño sexa longo,
rico en experiencias, en coñecemento.

A Lexistróns e a Cíclopes

ou ao irado Poseidón xamais temas,
seres que non has de atopar no teu roteiro

- 1 se alto for o teu pensamento e limpa
a emoción do teu espírito e do teu corpo.
Nin Lexistróns nin Cíclopes
nin ao fero Poseidón acharás nunca,
se non os lebares dentro da túa alma,
se non for a túa alma quen ante ti os pon.

Roga que o teu camiño sexa longo,
que innúmeras sexan as mañás do verán
en que con pracer, felizmente
arribes a baías xamais antes soñadas;

- 2 demórate nos emporios da Fenicia
e adquire fermosas mercadorías,
madreperla e coral, ámbar e ébano,
exquisitos e variados perfumes,
en perfumes voluptuosos e delicados inviste canto puideres;
visita moitas cidades do Exipto
e insaciable aprende dos seus sabios.

Preserva sempre na memoria Ítaca.
O teu destino está nela.

Pero non apresures a viaxe.

- 3 Que ela se prolongue polos anos
e na túa vellez arribes á illa
cos bens que no pasado recadaches
sen agardar que Ítaca ten enriqueza.
Ítaca regalouche unha fermosa viaxe.
Sen ela non terías iniciado o camiño.
Mais ningunha outra cousa che pode dar.

Lexistróns: pobo antropófago que na Odisea se sitúa na costa italiana.

Cíclopes: personaxes da mitoloxía clásica, fillos de Urano e Xea, que personificaban os fenómenos atmosféricos.

Poseidón: na mitoloxía grega, deus dos mares.

- 4 Aínda que pobre a encontrases, Ítaca non te enganou.
Conforme rico en saber e en vida regresaches
así comprendes que significan as Ítacas.

K. Kavais: Poesías completas



1. Por que, segundo o autor, convén que a viaxe a Ítaca sexa longa?
2. Que posibles perigos hai no roteiro cara a Ítaca?
3. De que maneira se poden evitar?
4. Que lugares aconsella visitar? Para que?
5. Cal é a gran riqueza que ofrece Ítaca?
6. Explica o significado das palabras que se subliñaron no texto. Usa o dicionario se o precisas.
7. Di de que palabras do texto son sinónimos os seguintes adxectivos:
sensuais, suaves, garda, moitas, deliciosos.

8. Para evitar repeticións innecesarias, o autor recorre ao emprego de pronomes. Busca exemplos e di a que palabras substitúen.

9. Resume as ideas que o autor expresa en cada un dos catro segmentos do poema. Ten en conta que a **viaxe** e o **camiño** adoitan ser, en literatura, metáforas da vida.

10. Infórmate e contesta:

a. Onde está Ítaca?

a. Ítaca é a patria dun coñecido personaxe da literatura grega. De quen?

a. Quen creou ese personaxe?

a. Que dúas obras se lle atribúen a ese autor? Explícaas brevemente.